

## 26. Cícel

**Intervención arqueolóxica:** proxecto de escavación na Medorra 1 da Millarada/Medorra do Marco. Dirixida no ano 2000 por D. Miguel Vidal Lojo.

**N.º Sección:** 2001/05/01

**Outros n.ºs:** CP00-13

**Procedencia:** Penalba, San Martiño de Pino, Cospeito, Lugo

**Tipo de colección:** depósito da Xunta de Galicia

**Cultura:** megalitismo

**Cronoloxía:** 3000-2000 a. C.

**Materia:** xisto

**Técnica:** abrasión. Pulido

**Dimensións:** lonxitude 19,5 cm; anchura 3,6 cm; grosor 3,6 cm

**Peso:** 434 g

**Conservación:** boa

**Uso/función:** traballo en madeira

**Descrición:** cícel de morfoloxía trapezoidal e sección transversal rectangular. A zona activa é convexo-simétrica, mentres que o bordo é convexo-asimétrico. Caras convexas. Talón recto. Os laterais parecen estar peor pulidos ca o resto das caras. Presenta dúas marcas simétricas nas caras que supoñen un reafundimento nestas, quizais para facilitar o enmangue.

**Bibliografía:**

VIDAL LOJO, M. A.: «Excavación arqueológica del Túmulo 1 de A Millarada (Cospeito, Lugo)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. x, 2001-2002, pp. 9-31.

MOCV/MARN/LCM

